



Introdúcense cambios na normativa sobre vehículos de transporte de cans de caza

Nos pasados días publicouse o Real Decreto 363/2009 que modifica certos aspectos do Real Decreto 1559/2005 de 23 de decembro sobre as condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos adicados ao transporte por estrada no sector gandeiro e o Real Decreto 751/2006 de 16 de xuño sobre a autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais, e que por tanto afecta ao transporte dos cans de caza.

A modificación deste Real Decreto 751/2006 afecta ao seu artigo 6.4, que agora inclúe o condicionante da realización dunha actividade económica ao respecto do transporte de animais vivos. Así, o citado artigo indicaba: *“deberán rexistrarse os contenedores e medios de transporte usados para o transporte de cans, gatos ou furóns cando se transporten simultaneamente seis ou máis animais, sen prexuízo da normativa vixente na materia de sanidade e de protección dos animais durante o seu transporte”,* mentres que agora, tras a súa modificación, indica o seguinte: *“Deberán rexistrarse os contenedores e medios de transporte usados para o transporte de cans, gatos e furóns cando o transporte se realice en relación cunha actividade económica, incluída a cría de animais para a súa venda, ou con ánimo de lucro”.*

Cabe destacar tamén que o condicionante económico tamén determina agora a obrigatoriedade do rexistro dos contenedores e medios de transporte: por tanto, **dende o 28 de marzo de 2009, só é obrigatorio o rexistro cando o transporte se realice en relación cunha actividade económica, incluída a cría de animais para a súa venda, ou con ánimo de lucro.** Elimínase así o condicionante do número de animais transportados.

A Consellería do Medio Rural con data 29 de abril comunica á Federación Galega de Caza que xa cursou as instrucións oportunas aos servicios provinciais da propia Consellería e tamén transmitiu a información ao SEPRONA e á Policía Autonómica.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com



ENTRADA N.º 80
SAÍDA N.º _____
DATA 4 / 5 / 09

DXPICA/SXG/SSA/JJOF/emc

REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P2
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

29 ABR. 2009

NÚMERO
17904

SAÍDA

Presidente da Federación Galega de Caza
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 12
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

ASUNTO: MODIFICACION DA NORMATIVA SOBRE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE CANS DE CAZA

Con data 22 de decembro de 2008 (registro de saída nº 11964 de 26 de decembro) remitíuselle información sobre a interpretación da normativa de aplicación referente ao transporte de cans.

Recentemente publicouse o *Real Decreto 363/2009, de 20 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 1559/2005, de 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro e o Real Decreto 751/2006, de 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité español de benestar e protección dos animais de produción* (BOE nº 74, do 27 de marzo de 2009).

A modificación sobre o citado Real Decreto 751/2006 consiste nunha nova redacción do seu artigo 6.4, que anteriormente indicaba: *“deberán rexistrarse os contenedores e medios de transporte usados para o transporte de cans, gatos ou furóns cando se transporten simultaneamente seis ou máis animais, sen prexuízo da normativa vixente na materia de sanidade e de protección dos animais durante o seu transporte”*, que se substitúe por: *“Deberán rexistrarse os contenedores e medios de transporte usados para o transporte de cans, gatos e furóns cando o transporte se realice en relación cunha actividade económica, incluída a cría de animais para a súa venda, ou con ánimo de lucro”*.

A consecuencia desta modificación, por medio da presente informámoslle que:

- Se ben todos os contenedores e medios de transporte dedicados ao transporte de cans de caza, gatos ou furóns, deben cumprir unhas condicións adecuadas dende o



punto de vista da hixiene, sanidade e benestar dos animais que se transporten, a efectos da obriga de inscrición no “*Rexistro Xeral de transportistas, contenedores e medios de transporte de animais*”, **dende o día 28 de marzo de 2009, só é obrigatoria a súa inclusión no rexistro cando o transporte se realice en relación cunha actividade económica, incluída a cría de animais para a súa venda, ou con ánimo de lucro.**


Polo cal, a diferenza coa situación anterior, **o número de animais transportados non determina a obrigatoriedade de inscrición no referido rexistro.**

Finalmente, informámoslle que se cursaron instrucións ao respecto aos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural, así como información aos departamentos competentes do SEPRONA e Policía Autónoma coa finalidade de garantir unhas actuacións homoxéneas en todo o noso territorio.

Pregámoslle que se dea a maior difusión posible a esta carta entre os seus asociados ou calquera outra persoa interesada neste aspecto.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2009

O xefe do Servizo de Sanidade Animal


Jorge Enrique Mourelo Estella